



PLAN DIGITAL

E.E.I. de Coirós

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

NOME DO CENTRO: E.E.I. DE COIRÓS

ENDEREZO:

*Figueiras, 30A (Santa Mariña de Lesa) Coirós
15316 A Coruña*

CORREO ELECTRÓNICO: eei.coirosdearriba@edu.xunta.gal

ETAPA EDUCATIVA: Educación Infantil (2º Ciclo)

ALUMNADO: No curso 2021-22 o centro conta cunha matrícula de 18 alumnos/as distribuídos en 2 aulas mixtas do seguinte xeito:

- 1 aula mixta (4º, 5º e 6º niveis) con 6 alumnos/as (3 nenos + 3 nenas). Alumnado NEAE neste grupo: 1 neno de 5º nivel e 1 neno de 6º nivel.
- 1 aula mixta (4º, 5º e 6º niveis) con 12 alumnos/as (6 nenos + 6 nenas). Alumnado NEAE neste grupo: 1 neno de 6º nivel, con flexibilización autorizada para este curso.

PROFESORADO: O alumnado é atendido por 2 mestras titoras (1 por cada grupo clase) con destino definitivo no centro ambas as dúas.

Cóntase tamén cunha mestra-especialista en lingua estranxeira: inglés (funcionaria en prácticas), itinerante con centro base no CEIP Couceiro Freijomil (Pontedeume).

Asemade o alumnado que así o demanda conta cunha sesión semanal de Relixión Católica a cargo dunha mestra especialista compartida co CEIP Bragade (Cesuras).

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- A Escola de Educación Infantil de Coirós está ubicada no Concello de Coirós nunha contorna rural, próxima a Betanzos.

Conta cun centro de saúde e un centro social no que se ofrecen servizos comunitarios no eido social e cultural (Oficina de Información Xuvenil, Atención á Muller, Servizos Sociais, Biblioteca e Oferta de Actividades Complementarias infantís e para adultos)

Os venres está dispoñible un servizo de banca móbil.

Non conta con establecementos comerciais polo que é necesario trasladarse a Betanzos

As familias do alumnado teñen, en xeral un nivel socioeconómico e cultural medio, Adicándose profesionalmente, na súa maior parte, ao sector servizos.

- *A recente inauguración do noso centro non permitiu aínda completar a redacción do Proxecto Educativo. No seu momento valoraremos a contribución do Plan Dixital como elemento integrante e integrador.*
- *Na Programación Xeral Anual prevista para o curso 2022/23 constará como obxectivo a posta en marcha das estratexias necesarias para acadar os obxectivos previstos no Plan Dixital así como continuar coa formación que o devandito plan implica para este curso.*

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital do centro estará contextualizado no marco que define a normativa actual ao respecto:

- *A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa:*
 - *No seu artigo 121 establece que o proxecto educativo recollerá a estratexia dixital do centro*
 - *No Artigo 111 bis, establécese que as administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das TIC na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo tarefas de ensino e aprendizaxe establecendo as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas do inadecuado uso das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede e fomentando a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero.*
 - *O artigo 132 establece como competencia da dirección dos centros promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do proxecto educativo do centro.*

- *A Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, na súa Disposición adicional quinta, dispón que os centros docentes elaborarán o seu plan dixital, de acordo coas instrucións que se diten, no curso 2021/22.*
- *Por último, de acordo coas indicacións da Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, a elaboración do Plan Dixital do centro terá en conta os principios e obxectivos do seu apartado segundo procurando dar resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das TIC, participando da transformación dixital que inclúa unha visión ampla da competencia dixital, facilitando a integración e desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos co fin de mellorar a competencia dixital da comunidade educativa no ámbitos de ensino-aprendizaxe, xestión e relación.*

1.4. Proceso de elaboración

A Escola de Educación Infantil de Coirós conta con dúas unidades mixtas que acollen alumnado do 2º ciclo de Educación Infantil.

O profesorado está composto por: 2 mestras-titoras, con destino definitivo no centro, 1 mestra especialista en I.e.: inglés, itinerante con centro base no CEIP Couceiro Freijomil de Pontedeume e unha mestra de Relixión Católica, itinerante con centro base no CEIP Bragade de Cesuras.

As 2 mestras-titoras son as únicas profesionais con horario completo no centro, tendo unha delas a responsabilidade da escola; polo que, as tarefas do Equipo de Dinamización do Plan Dixital son compartidas polas dúas mestras en horario non lectivo, segundo a súa dispoñibilidade.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *O centro conta co seguinte equipamento de Infraestrutura dixital:*
 - *Datos: Conectividade a internet por cable (100 Megabytes) e conexión inalámbrica (Wifi).*
 - *Voz: Liña de telefonía con dispositivo móbil.*
 - *Electrónica de rede: Rack que aloxa o equipamento electrónico, informático e de comunicacións relacionado coas instalacións feitas ata o momento.*
- *Equipamento dispoñible no centro se distribúe do seguinte xeito.*
 - *Aulas dixitalizadas: 4, con conectividade, EDI, proxector (2 destas aulas contan con ordenador de sobremesa e 2 con portátil)*
 - *1 equipo de xestión e administración, ubicado no despacho de dirección.*
 - *2 tablets, unha delas de gran formato.*
- *A escola conta con páxina web*
(<https://www.edu.xunta.gal/centros/eeicoirosdearriba/>) e aula virtual.
- *O mantemento do equipamento dixital xestionase a través da Unidade de Atención a Centros.*

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

(Debilidades/Ameazas/Fortalezas/Oportunidades)

Autoavaliación SELFIE do estado actual da escola con respecto á competencia dixital:

**O Alumnado do noso centro pertence, na súa totalidade, ao 2º ciclo de Educación Infantil, polo que non participou na Autoavaliación SELFIE.*

Areas	Grupos	Ensinanza
		Infantil
A -Liderado	Equipo Direct.	1
	Profesorado	1,6
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1
	Profesorado	1,5
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	1,5
	Profesorado	1,5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	1,5
	Profesorado	2,3
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,3
	Profesorado	1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1
	Profesorado	1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	1,3
	Profesorado	1

Test CDD (Competencia Dixital Docente):

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	2	2	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test	Nivel de competencia	Puntuación media do test en	Nivel de competencia en
--------------------------	----------------------	-----------------------------	-------------------------

(sobre 192)		Galicia (sobre 192)	Galicia
30,5	Principiante (A1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
E.I.	30,5	Principiante (A1)	66,2	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	50%
A2	1	50%
TOTAL	2	100.00%

Outras fontes: Reflexión e debate entre o profesorado.

2.2. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, a análise DAFO ofrece a seguinte realidade do centro no eido dixital:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - C1.Conexión Wifi. - C2-C8.Dispositivos dixitais suficientes para ensino/aprendizaxe e xestión. - C3.Acceso a internet. - C5.Asistencia técnica. 	
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - B2.Debate aberto sobre o uso da tecnoloxía. - D2.Coordinación, colaboración e compromiso do profesorado na participación en procesos e elaboración de produtos relacionados co Plan Dixital e a súa posta en práctica. 	<ul style="list-style-type: none"> - D1.Necesidade de formación sobre novas modalidades de uso da tecnoloxía dixital. - E1-E2-E3.Incorporación de tecnoloxías dixitais en proceso: recursos, innovación, avaliación, participación en redes colaborativas, uso de aplicacións.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - C14.Dispoñibilidade de dispositivos dixitais suficientes. 	<ul style="list-style-type: none"> - G8.Falta dunha estratexia dixital. - A4.Necesidade de tempo para explorar a competencia dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Formación sobre Plan Dixital, que promove a posta en marcha e actualización da estratexia dixital do centro.</p> <p>Dotación económica específica para adquisición de material relacionado.</p> <p>Asesoramento Abalar.</p>	<p>Escasez de persoal e tempo para acadar obxectivos demandados e cumprir prazos establecidos.</p>
	CONTORNA	<p>Centro de recente inauguración</p>	

		con boa dotación de equipamento tecnolóxico e dixital.	
	OUTRAS ENTIDADES	Apoio de colaboradores externos con coñecementos específicos na creación e uso de recursos.	

3. Plan de Acción

Proposto para o curso 2022-23

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

“Área/s de mellora”: A. Liderado / B. Colaboración e Redes / D. Desenrolo Profesional Continuo / E. Pedagogía:Apoio e Recursos / F. Pedagogía:Implementación na Aula			
1. OBXECTIVO:	Activar ferramentas dixitais básicas que fomenten a comunicación e interacción coa comunidade educativa		Acadad o
RESPONSABLE:	Mestras		Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<p>Dase a coñecer o EspazoAbalar á comunidade educativa como plataforma para achegar a educación á cidadanía.</p> <p>Introdúcese o uso da aplicación Abalarmóbil como medio de comunicación coas familias.</p> <p>Rediseñase a web da escola, adaptándoa ás características do novo centro.</p> <p>Iníciase o uso da Aula Virtual da web da escola como banco de recursos abertos (buscados e creados)</p>		
Valor de partida	A escola non utiliza o EspazoAbalar, nin a Aula Virtual como banco de recursos e ten activa unha antiga web que corresponde a unha escola unitaria que se integrou no novo centro.		
Valor previsto e data	<p>Espérase acadar a posta en marcha e utilización das citadas ferramentas dixitais, coa participación das dúas mestras do centro</p> <p>(100%)</p>	Ao longo do curso 2022-23	
ACCIÓNS A DESENVOLVER			
			SEGUIMIENTO DA ACCIÓN

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:AO1.1:Informar ás familias das características e funcións do EspazoAbalar. Presentación da app Abalarmóbil como ferramenta de comunicación familias-escola.	Mestras	Outubro 2022	Material informativo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Crear unha nova web para a escola actual axeitando o seu deseño as	Mestras	Decembro 2022	Asesor Abalar da Zona		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

circunstancias						
AQ1.3: Iniciar o uso presentes da Aula Virtual da nova web como repositorio de recursos abertos (buscados e creados).	Mestras	Xuño 2023	Formación/ Asesoramento			Realizada
						Aprazada
						Pendente

“Área/s de mellora”: B. Colaboración e Redes / D. Desenrolo profesional continuo / E. Pedagogía: Apoio e Recursos / F. Pedagogía: Implementación na aula

2. OBXECTIVO:	Iniciar a creación dun banco de recursos que permita actualizar e poñer en marcha a xestión de aprendizaxes con ferramentas dixitais e asemade fomentar no alumnado o achegamento a competencias dixitais formativas básicas/STEM.	Acadado
RESPONSABLE:	Mestras	Non acadado

INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	As mestras coñecen e manexan ferramentas para a creación de recursos dixitais axeitadas a Educación Infantil. Estúdanse os aspectos primordiais a valorar na selección de recursos buscados. Créanse recursos dixitais globalizados, interactivos, significativos, flexibles e contextualizados nos proxectos de traballo que se desenvolven.					
Valor de partida	Actualmente manéxanse recursos buscados e creados puntualmente, que non se recollen na Aula Virtual.					
Valor previsto e data	A final de curso espérase ter recollido na Aula Virtual unha mostra de recursos abertos buscados e creados coa participación das dúas mestras (100%).			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1:Explorar e seleccionar recursos dixitais existentes na rede.	Mestras	Xuño 2023	Asesoramento e Formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:Formación sobre o manexo e	Mestras	Xuño 2023	Asesoramento e Formación		Realizada	
					Aprazada	

creación de recursos dixitais.					a	
A02.3: Introducción de materiais cun enfoque interdisciplinar (robótica)	Mestras	Xuño 2023	Material Específico (MTiny)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A recente inauguración do centro reforzou a dotación tecnolóxica de xeito suficiente para desenvolver o Plan de Acción previsto para o curso 2022-23.

A escola adquiriu recentemente material básico de robótica adaptado á etapa infantil (mTiny Discover Kit) que, de ser o caso, ampliarase segundo as oportunidades que vaian xurdindo e as posibilidades de facelo.

Únicamente temos pendente resposta á solicitude de ampliar a zona de cobertura da rede Wifi a toda o espazo escolar; neste momento é deficitaria nas zonas periféricas.

3. Avaliación do plan

- Ao longo do curso levarase a cabo unha avaliación continua do desenvolvemento do Plan Dixital cunha reflexión trimestral co fin de reaxustar medidas na procura da consecución máis efectiva posible dos obxectivos previstos, valorando o estado de execución das acción e os resultados obtidos.

- Rematado o curso realizarase unha avaliación do proceso atendendo á consecución ou non de obxectivos e deseñando medidas de mellora onde proceda.

4. Difusión do plan

Este Plan Dixital farase poñer en coñecemento da comunidade educativa a través de:

- A web do centro.*
- Exposición no taboleiro de anuncios da escola (temporalmente).*
- Copia arquivada na secretaría do centro, a disposición da comunidade educativa.*